



BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL, DUN POSTO DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA, DUN POSTO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL E DUN POSTO DE TÉCNICO/A MEDIO/A EN INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE CALOR PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS 2023/2024.

#### PRIMEIRA- DENOMINACIÓN:

As bases do proxecto denominado de Plan de fomento da empregabilidade “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024” foron publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm.: 68, do 10/04/2023 e teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación do nivel de estudos dos 152 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo, así como o desenvolvemento destas bases, que regularán as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras.

A finalidade deste proxecto é dotar ás persoas mozas desempregadas así como, en xeral, as persoas desempregadas da provincia, mediante un contrato de traballo, dunha primeira experiencia para a adquisición de competencias e habilidades sociais e profesionais – empatía, creatividade, dotes de liderado, capacidade de adaptación, entre outras –, relacionadas coa actitude da persoa traballadora.

Dito proxecto desenvolverase en consonancia co establecido no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, no que se regulan, entre outras, as condicións do contrato formativo para a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos.

O Concello de Redondela presentou a solicitude para participar neste proxecto o día 02/05/2023, de acordo co previsto no artigo 5.º bases do programa denominado Plan de fomento da empregabilidade “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL nos

#### **Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024”

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela (por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 02/06/2023, que se publicou no BOPPO núm.: 109, do 07/06/2023) unha subvención de 26.400€ para o ano 2023 e de 31.200€ para o ano 2024, para a contratación de 4 persoas traballadoras desempregadas por un período máximo dun ano.

As contratacións laborais baixo a modalidade contrato formativo que se deriven realizaranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo. O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente. As ditas contratacións abarcarán postos de traballo en xeral, así coma, os relacionados coa transición ecolóxica e a economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social e o desenvolvemento local rural, preferentemente.

As entidades colaboradoras deberán complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios anteriormente indicados asumindo o custo total da Seguridade Social e demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.

Na selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros órganos da selección, independencia e discrecionalidade técnica na actuación, adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e os demais establecidos na normativa vixente de aplicación.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





No caso de que a selección das persoas traballadoras non se leve a cabo mediante convocatoria pública, o perfil dos postos de traballo e os criterios de selección recollidos no Anexo III das bases publicadas no BOPPO deberán publicarse na sede electrónica ou páxina web do concello con carácter previo á presentación da oferta na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade colaboradora.

Deberase presentar unha por nivel de estudos e grupo profesional dentro de cada ocupación, segundo os seguintes principios xerais:

- a) Non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases.
- b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como mérito a experiencia laboral.
- c) Deberá expresar que as persoas deben estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes ou en mellora de emprego e os requisitos esixidos para a formalización dun contrato formativo.

O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

As persoas seleccionadas de conformidade cos procedementos establecidos no apartado 14ª das anteditas bases serán beneficiarias dun contrato formativo para a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos a tempo completo pola entidade colaboradora, de acordo coa normativa vixente e nos termos expresados no acordo de concesión.

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, mediante un contrato de traballo formativo para a obtención da práctica profesional, a tempo completo, os seguintes postos de traballo, nos que se desenvolverán basicamente as seguintes funcións:

**A) 1 ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL** (*Asimilado ao grupo A2 e complemento de destino 16*):

Actividade principal: Elaboración de informes técnicos en relación coas seguintes materias:

- Obras e actividades, en xeral, incluído o ámbito ambiental.
- Obras Municipais.
- Responsabilidade patrimonial.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Substitución de vehículos con licenza Auto-Turismo.
- Informes compañías subministradoras e concesionarias (Unión Fenosa, Gas Galicia e Seragua, etc.)
- Aforro enerxético e alumeadado público.
- Ordenanzas ou normativas de nova aplicación en materias relacionadas co obxecto do contrato.
- Emisión de informes requiridos nos procedementos de contratación.

Este posto de traballo ten unhas retribucións brutas mensuais de **1.774,26** euros (Soldo, complemento de destino, complemento específico e prorrata da paga extra), a xornada completa, de luns a venres, en horario variable e cos descansos que establece a lei, en función das necesidades do servizo.

**B) 1 TÉCNICO/A SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA**  
(Asimilado ao grupo B e complemento de destino 16):

Actividade principal: Diseñar, implementar e avaliar actividades lúdicas, culturais e fisicorecreativas seleccionando as estratexias metodolóxicas, organizando os recursos e mañexando os equipos e medios técnicos necesarios para o seu desenvolvemento; Organizar programas e actividades de animación sociocultural e turística xestionando a documentación e os recursos así como a financiación e o control do orzamento asignado; Colaborar na organización e xestión de servizos de información xuvenil, realizando actividades de orientación, información e dinamización que atendan ás necesidades e demandas das persoas deste sector de poboación; Aplicar os protocolos establecidos en materia de primeiros auxilios en situacións de accidente ou emerxencia; Proxectos de animación sociocultural, turística e de xestión cultural.

Este posto de traballo ten unhas retribucións brutas mensuais de **1.679,51** euros (Soldo, complemento de destino, complemento específico e prorrata da paga extra), a xornada completa, de luns a venres, en horario variable e cos descansos que establece a lei, en función das necesidades do servizo.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





**C) 1 TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL** (*Asimilado ao grupo B e complemento de destino 16*):

Actividade principal: Desenvolvemento de programas municipais de educación, información e divulgación ambiental; Accións formativas en materia ambiental dirixidas á cidadanía en xeral, a centros educativos ou organizacións empresariais que operen no termo municipal; Colaboración na atención ao público nas dependencias municipais e na prestación de servizos relacionados co medio ambiente como a xestión de residuos, a compostaxe, a solicitude de permisos ou autorizacións; Realizar operacións de vixilancia e control de espazos naturais; Caracterizar problemas ambientais propondo solucións sostibles a estes; Colaboración na xestión de incidencias de carácter ambiental como verteduras, control dos animais domésticos, uso racional da auga e en xeral agresións ou ameazas ao medio natural; Control de especies pirófilas.

Este posto de traballo ten unhas retribucións brutas mensuais de **1.679,51** euros (Soldo, complemento de destino, complemento específico e prorrata da paga extra), a xornada completa, de luns a venres, en horario variable e cos descansos que establece a lei, en función das necesidades do servizo.

**D) 1 TÉCNICO/A MEDIO EN INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE CALOR** (*Asimilado ao grupo C1 e complemento de destino 16*):

Actividade principal: Montar equipos e demais elementos auxiliares asociados ás instalacións caloríficas, solares, térmicas e de fluídos asegurando o seu correcto funcionamento e posta en marcha, realizando probas de seguridade tras a montaxe ou mantemento da instalación, máquina ou automatismo (Montaxe, reparación e mantemento de instalacións de auga, caloríficas, de enerxía solar, de gas e combustibles líquidos, de máquinas e equipos térmicos; instalacións eléctricas e automatismos).

Este posto de traballo ten unhas retribucións brutas mensuais de **1.569,50** euros (Soldo, complemento de destino, complemento específico e prorrata da paga extra), a xornada completa, de luns a venres, en horario variable e cos descansos que establece a lei, en función das necesidades do servizo.





## SEGUNDA- REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para ser admitidos na presente convocatoria:

- a) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que inhabilite para o desenvolvemento normal das funcións que son obxecto do presente contrato.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Que estean inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





g) Estar empadroadas nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO núm.: 68, do 10/04/2023.

h) Posuír a titulación requirida para cada posto:

-1 *ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL*: Título universitario oficial de grao ou equivalente segundo o disposto no apartado segundo da disposición adicional quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-1 *TÉCNICO/A SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA*: Título de formación profesional de grao superior de técnico/a en Animación Sociocultural e Turística ou equivalente.

-1 *TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL*: Título de formación profesional de grao superior de técnico/a en Educación e Control Ambiental ou equivalente.

-1 *TÉCNICO/A MEDIO/A EN INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE CALOR*: Título de formación profesional de grao medio de técnico/a en Instalacións de Producción de Calor ou equivalente.

i) Que no momento da contratación non transcorresen máis de 3 anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con diversidade funcional, desde a terminación dos correspondentes estudos.

j) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación .

k) Que non estean contratadas en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





l) Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

#### TERCEIRA- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

De acordo co previsto na antedita orde, a preselección das persoas traballadoras que reúnan os requisitos das bases pode realizarse simultaneamente a través da presentación da oferta de emprego na oficina pública de emprego de Galicia así como a través de convocatoria pública.

As persoas preseleccionadas deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono de contacto e correo electrónico, indicando expresamente en que proceso/s están interesadas en participar, no suposto de estar preseleccionadas para varios postos.

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas na convocatoria, na data en que remate o prazo para a presentación de instancias e que acepta e acata as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento efectuado polo concello ou da publicación da convocatoria no BOPPO, no seu caso. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

No caso de non presentar a instancia no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

---

#### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894







No caso de que se presente a instancia a través de sede electrónica, por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, a documentación adxunta á solicitude deberá subirse nun único documento ou de ser tecnicamente inviable, debe realizarse no menor número de follas posibles ou nun arquivo comprimido. Todos os documentos deberán ter un título que facilite a súa identificación.

Por razóns de eficiencia e axilidade na tramitación do procedemento, a documentación só se compulsará ás persoas que sexan propostas polo órgano de selección para a contratación, as cales deberán achegar a documentación orixinal no intre en que llelo solicite o concello.

Coa instancia, as persoas aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- 1 Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- 2 Fotocopia da titulación requirida. Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- 3 Fotocopia ou orixinais da documentación que se achegue como méritos ou como acreditativa das situacións recollidas na fase de concurso. A documentación presentárase ordenada seguindo a orde establecida no baremo que consta nestas bases e indicando a relación de documentos que presenta para ser valorados. Para xustificar os méritos ou as situacións a valorar, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación da documentación, deberán achegar neste prazo, a correspondente solicitude ou copia, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida.
- 4 Volante ou certificado de empadramento nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.
- 5 Xustificante de estar inscrito/a como demandantes de emprego ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- 6 Vida laboral actualizada.





#### CUARTA- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal), apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na resolución pola que se aproba a lista de persoas admitidas e excluídas fixarase o órgano de selección, a data, hora e lugar de realización da fase de concurso.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## QUINTA-ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por 5 membros que serán nomeados pola Alcaldía, segundo o disposto nos artigos 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 60, do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (EBEP), dos que se designarán suplentes.

O órgano de selección serán colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

**-Presidente/a:** Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

**-Vogal:** Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

**-Secretario/a:** Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos órganos de selección as persoas de elección ou designación política nin os funcionarios interinos e o persoal eventual. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O órgano de selección deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do órgano de selección, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





voto de calidade do/a presidente/a do órgano de selección.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión.

A partir da sesión constitutiva, o órgano de selección requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Se o órgano de selección se constituíse cun/ha suplente, isto non implica que a persoa titular non poida incorporarse a este con posterioridade. O órgano de selección axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria.

Non obstante, o órgano de selección resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia.

O órgano de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con diversidade funcional gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que o resto das persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

Os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O órgano de selección poderá acordar a asistencia das persoas asesoras especialistas que considere oportunos para todas ou algunha das probas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, de acordo co previsto no seu articulado, proceda abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establece que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizados pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto e no acordo da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Redondela do día 25/02/2022.

#### SEXTA- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o de concurso.

O procedemento selectivo será o máis áxil e sinxelo posible, tendo en conta os prazos previstos na subvención para o inicio da contratación. No suposto de que só haxa unha persoa candidata para o posto, e sempre que esta cumpra cos requisitos exixidos nas bases, poderá contratarse directamente.

Os méritos que non se acheguen ou aleguen coa instancia de presentación da documentación da fase de concurso ou non se acrediten antes a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo órgano de selección. Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Para xustificar os méritos, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberán achegar coa instancia, a correspondente solicitude realizada ao organismo que corresponda e presentar posteriormente a documentación pendente de entrega. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do

---

#### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





concurso.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos achegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

Segundo o seguinte baremo, daranse as seguintes puntuacións:

a) Expediente académico: **Ata un máximo de 4,00 puntos**, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa: **2,00 puntos**.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, **ata un máximo de 1 punto**.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título **ata un máximo de 1 punto** (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), **ata un máximo de 2 puntos**, que se computarán do seguinte xeito:

a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.

b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- f) Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

- f) Persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33%, sempre que sexa compatible co traballo a desenvolver: **1 punto**.

(Acreditarase coa resolución da Consellería de Traballo e Benestar).

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

#### SÉTIMA- ORDENACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Tras rematar a cualificación, o órgano de selección publicará na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, a relación das persoas seleccionadas, por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O prazo para presentar reclamacións ás puntuacións será de dous (2) días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación das notas na sede electrónica ou na páxina web. No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da reclamación rexistrada.

Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

Tras resolver, no seu caso, as reclamacións, o órgano de selección elevará á Alcaldía, xunto coa acta da sesión, a proposta definitiva, por orde de puntuación, para que formalice os correspondentes contratos de traballo temporais e elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas.

O órgano de selección elevará a dita relación, xunto coa acta da sesión, á alcaldesa para que formalice os correspondentes contratos de traballo. Así mesmo elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia da persoa seleccionada.

As persoas seleccionadas terán que presentar, no prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

- A) Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- B) Orixinais, no seu caso, dos documentos presentados na fase de concurso.
- C) Declaración responsable de cumprir os requisitos sinalados na base 2.<sup>a</sup> apartados c), d), e).
- D) Certificado ou informe médico oficial, cunha antigüidade máxima de 3 meses, no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria (de non conseguir no prazo indicado o documento médico, a persoa aspirante deberá presentar no prazo indicado

### **Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894







xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).

E) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

F) Certificación de conta bancaria segundo o modelo que lle facilitará o concello.

A persoa que non presente a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior ou cando se deduza que carece dalgún dos requisitos establecidos, non poderá ser contratada.

#### OITAVA- FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS:

Tras rematar o proceso selectivo e expirado o prazo de presentación de documentación, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas seleccionadas. As persoas seleccionadas deberán incorporarse aos seus postos de traballo no prazo máximo de dous días naturais dende que sexan requiridas para elo.

O contrato axustarase á modalidade de CONTRATO DE TRABAJO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL, a tempo completo.

#### NOVENA- PRAZOS:

Se o día de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fose festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

#### DÉCIMA- NORMAS DE APLICACIÓN:

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, do emprego, no Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEG), no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e as bases do programa fomento da empregabilidade "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" nos concellos da provincia de Pontevedra

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





2023/2024”, que foron publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm.: 68, do 10/04/2023.

De xeito supletorio e para resolver dúbidas aplicaranse as Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no BOPPO, núm.: 50, do 13/03/2015 e polas súas rectificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

#### DÉCIMO PRIMEIRA-IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta, así como das actuacións do órgano de selección, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da aprobación destas bases.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento destes.

#### DÉCIMO SEGUNDA- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015 e polas súas rectificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022 e das presentes bases. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

